




DE VALARÉS A CORME

Adela Leiro, Mon Daporta
xaneiro 2020



Distancia: 6 km (lineal)
Dificultade: media



Praia de Valarés

Os camiños pola costa de Ponteceso son escasos, inexistentes, o relevo abrupto, con caídas verticais de ata máis de 100 m, e sen abrigos o que non fai nada doada a subsistencia nin favorece o asentamento de poboacións, e se non hai xente non hai camiños, tanto é así que nos máis de 40 km de costa do concello só se atopa unha poboación litoral, a vila de Corme, asentada no abrigo da súa enseada e xa dentro da ría. Esta costa tampouco ten grandes areas a non ser os que se protexen en pequenos seos da costa exterior como os de Niñóns, a Barda, e xa no interior da ría as praias de Corme e Valarés e o areal da Barra, a gran frecha que crean e alimentan o mar e o río Anllóns.

Percorrela sería misión imposible sen a existencia do Camiño dos Faros, un roteiro sinxelo, nada invasivo, que se estende, ao longo de 200 km, sen alonxarse apenas da costa, entre Malpica e Fisterra

O traxecto, duns 6 km, ten dúas partes diferente: a primeira metade de relevo abrupto polas abas dos montes da Facha e os Outeiros, e a segunda de costa baixa por praias e terreo urbano.

Este espazo, de grande interese ecolóxico, paisaxístico e xeolóxico, está protexido no LIC/ZEC e ZEPA "Costa da Morte"



Praia da Ermiada
e illa da Estrela

PERCORRIDO

Comezamos na **praia de Valarés** e despois de percorrela subimos ao **embarcadero**, que foi porto de saída do volframio co que se abastecían os alemáns durante a segunda guerra mundial, e no seu remate, xusto debaixo da estrutura de ferro, arranca o carreiro que gaña altura rapidamente para acadar o **Alto da Parede**, uns 80 m (na **punta da Facha**), coroado por rochas fortemente erosionadas e con formas e espazos curiosos, e desde aí seguir o carreiro que sube e baixa adaptándose ao relevo, a media altura dos cantís, desde onde se abrangue a outra banda da ría e o océano. A paisaxe é monótona, vertical, cuberta de toxos entre os que sobresaen algunhas masas rochosas, ata que superada unha última subida, despois de pasar a **praia do río Covo**, un coído na desembocadura dun regato, o único punto de todo o percorrido no que nos achegamos ao nivel do ao mar, aparece a **enseada de Corme** e baixamos ás dunas que hai ao pé da **illa da Estrela**. Aquí o terreo chan ofrece máis posibilidades e pode un achegarse á **punta da Sapeira**, percorrer o **areal da Ermida** ou seguir polo camiño que, despois de cruzar o **rego de Guxín**, rodea o montiño da **Punta da Furna** ou, aproveitando que o toxo está cortado por debaixo do tendido eléctrico, cruzalo para saír á **praia do Osmo**, que ocupa o esteiro do **rego de Corme** recheo polo aporte de area do mar, e ver a súa furna. Desde aquí ao remate o camiño é moi doado, segue por un paseo litoral que nos leva á **praia da Arnela**, outra saída ao mar dun pequeno regato chea de area, e logo ata o **porto de Corme** onde rematamos.

Para a volta hai que contar con transporte ou, se non, facela polo PRG-148 que pasa por Gondomil, onde podemos ver a **pedra da Serpe**, e logo por unha pista polo monte baixa a Valarés, uns 5,5 km.



Praia de Valarés. Furna do Encanto. Punta do Cal Vaqueiro.




Rego que desemboca na praia de Valarés



Praia de Valarés. Ao fondo o Alto das Travesas.



Praia de Valarés. Ao fondo a punta e monte da Facha.



Embarcadero na praia de Valarés, que foi porto de saída do volfrâmio co que se abastecían os alemáns durante a segunda guerra mundial. Da area desta praia obtívose mineral de titânio entre o 1936 e o 1960.



Punta e monte da Facha



A Parede. Punta da Facha.



Coído da Facha




Punta da Facha



Praia de Rio Covo



Punta Verdillo. Punta do Canteiro.



Punta dos Prados




Illa da Estrela. Punta Sapeira.



Praia da Ermida



Punta da Furna.



Punta da Furna



Praia de Osmo



Punta entre as praias de Arnela e O Osmo

Praia da Arnela



Corne: porto e enseada